Identidade, etnicidade e Estado na España contemporánea

Xusto G. Beramendi

Neste traballo pretendo, por un lado, esbozar as liñas básicas da evolución da cuestión nacional na España contemporánea e, polo outro, ensaiar unha hipótese explicativa dun proceso bastante excepcional na Europa dos dous últimos séculos. A hipótese centrarase nas orixes e, no seu caso, a consolidación de identidades rexionais/nacionais con referentes nacionais diferentes e mutuamente excluíntes.

Dada a ausencia de consenso verbo do noso instrumental analítico axeitado, parece imprescindible unha reflexión teórica previa sobre os conceptos mesmos de *identidade nacional* e *etnicidade*, así como sobre outros moi relacionados con eles (nación, conciencia nacional, cultura política, etc.). Desgraciadamente, as limitacións dun traballo deste tipo non me permiten reproducir aquí o diálogo tido noutros lugares[1] con algúns dos autores[2] que se ocupan destas

* Este artigo é a versión en galego da ponencia *Identity, Ethnicity and State in Spain. XIXth and XXth Centuries,* que presentarei no *Coloquio Identity and Territorial Autonomy in Plural Societies,* organizado pola Internacional Political Science Association na Facultade de Ciencias Políticas de Santiago (17, 19-VII-1998).

1. Beramendi, J. G. "Ethnos versus Polis? On Method and Nationalism", en Beramendi, J. G., Máiz, R. e Núñez, X. M. (eds.). *Nationalism in Europe, Past and Present.* USC, Santiago de Compostela, Vol. I, pp. 69-110. Beramendi, J. G. "La cultura política como objeto historiográfico. Algunas cuestiones de método", en *Actas III Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea.* Valladolid, no prelo. Beramendi, J. G. "Conciencia étnica e conciencias nacionais en Galicia", en Pereira, G. (coord.). *O feito diferencial galego. A historia.* Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela, Vol. II, pp. 277-300. Beramendi, J. G. "Identidad nacional e identidad regional en España entr la guerra del francés y la guerra civil", en *Actas Congreso Internacional los 98 Ibéricos y el mar* (Lisboa, 27-29 abril). Sociedad estatal Expo 98, Madrid, no prelo.

2. Brass, P. R. *Ethnicity and Nationalism. Theory and Comparison.* Sage Pub, Nova Deli, 1991. Breuilly, J. *Nationalism and the State.* Manchester U. P., Manchester, 1993, 2-edic. Connor, W. *Ethnonationalism. The Quest for Understanding.* Princeton U. P., Princeton, 1994. Máiz, R. "La construcción de las ideas políticas", en *Inguruace* 13, 1995, pp. 9-

cuestións, e nomeadamente das identidades políticas y das etnicidades[3].

Xa que logo, teño que entrar directamente na análise da cuestión nacional en España seguindo as etapas evolutivas que, na miña opinión, amosa no período considerado. En cada etapa considerarei a combinación dos seguintes factores: a acción do Estado e as reaccións que poida provocar; a existencia ou ausencia de institucións subestatais de autogoberno; a etnicidade, as súas funcións sociais e as súas potencialidades ideolóxicas; as identidades políticas actuantes en cada etapa; as características dos procesos de cambio socioeconómico en cada territorio e no conxunto do Estado; e a concordancia ou discordancia dos intereses das diferentes elites e clases entre si e coas institucións políticas.

23. Melucci, A. *L'invenzione del presente.* Il Mulino, Boloña, 1982. Melucci, A. "Getting Involved: Identity and mobilization", en Klandersman, Kriest e Tarrow, 1988, traducido en Revilla, M. (ed.). *Movimientos sociales, acción e identidad,* nº 69 de *Zona Abierta,* Madrid, 1994, pp. 153-80. Shlesinger, Ph. "On national identity: some conceptions and misconceptions criticized", en *Social Science Information* XXVI, nº 2, 1987, pp. 219-64. Smith, A. D. *The Ethnic Origins by Nations.* Basil Blackwell, Oxford, 1986. Smith, A. D. *National Identity.* Penguin, Londres, 1991.

3. Limítome a indicar nesta nota o significado que dou ós termos principais.

Identidade política: conxunto de ideas, valores e pautas de conducta, asumido por unha parte da sociedade, e referido á natureza básica dun sistema político (existente ou non), á súa definición nacional, ós procedementos lexítimos para mantelo ou crealo e a todos os seus fins desexables.

Identidade nacional: articulación dunha idea de nación coa convicción socialmente maioritaria de que esa idea é real. Dito doutro modo: hai identidade de tipo nacional cando nun grupo humano existe o convencemento de que constitúe un ser colectivo específico, que se diferencia dos demais do su xénero por un conxunto de caracteres e que, en virtude disto, é suxeito colectivo de dereitos políticos. En suma, *a identidade nacional é unha autodefinición da comunidade que establece a súa pretendida personalidade colectiva e lexitima á súa soberanía real ou potencial.*

Identidade rexional: diferénciase da identidade nacional en que non se imaxina a comunidade de referencia como unha nación, senón como un grupo subnacional. En consecuencia, está orientada á reforma dun Estado no sentido de descentralizar o poder mediante institucións subestatais de autogoberno, pero sen alterar a unicidade da súa soberanía. Pode basearse ou non en realidades etnoculturais diferenciadas e pode evoluír ou non cara a unha identidade nacional.

Etnicidade: conxunto de caracteres específicos, de índole non política e obxectiva ou intersubxectiva: lingua, culturas material e espiritual específicas (incluída nesta última a relixión), etc. Pode constituír, xunto co *Volksgeist,* a materia prima fundamental tanto do concepto orgánico de nación como da identidade nacional concomitante. En todo caso, a súa existencia vai acompañada dunha conciencia colectiva máis ou menos intensa e extensa que, cando non dá lugar á reivindicación de dereitos políticos baseados nesa etnicidade, denomino *conciencia étnica.*

Identidade étnica: articulación dunha etnicidade coa conciencia social maioritaria da súa existencia. Carece en si mesma de obxectivos políticos, se ben nalgúns casos pode relacionarse xeneticamente con identidades rexionais ou nacionais.

Identidade prenacional: imaxe que ten de si mesma unha sociedade de Antigo Réxime e que contribúe a xustificar o seu dereito a constituír un Estado. Sen embargo, o poder soberano apóiase en principios lexitimadores preliberais (carismático e tradicionalista).

Protonacionalismo: Ideoloxía baseada na lealdade a un Estado absolutista, e non tanto á persoa do seu soberano. Xa que logo, aínda non ten como referente central á nación no seu sentido propio de instancia lexitimadora do poder político.

AS CONDICIÓNS PREVIAS E O PUNTO DE PARTIDA

Se consideramos, como fago eu, que nacionalismos/nacións e todos os fenómenos afíns xorden das revolucións liberais e das reaccións contra delas, o noso punto de partida sitúase no primeiro tercio do século XIX. Non obstante, sabemos ben que na historia nada nace *ex nihilo*, nin sequera nos momentos de transformación máis radical, e que a situación previa condiciona sempre o resultado desa transformación. Cómpre, pois, que empecemos lembrando os caracteres relevantes da España de finais do Antigo Réxime respecto da cuestión que nos ocupa. Estes caracteres son:

1. Existencia dunha identidade prenacional española, xerada durante tres séculos pola acción interna e externa dun Estado imperial. A acción interna conseguira espallar e consolidar un conxunto de factores unificadores, na súa meirande parte procedentes da etnicidade e das institucións de Castela: xeneralización dunha *lingua franca* nos usos públicos e intelectuais, uniformidade relixiosa que fai do catolicismo definido pola Contrarreforma de Trento un risco identitario básico, extensión das institucións políticas e do dereito público casteláns á maior parte dos territorios da Monarquía. Verbo da acción externa, a confrontación continua con outros Estados, culturas e relixións en Europa e en América levou sen dúbida a que os directamente involucrados (militares, clérigos, funcionarios, intelectuais) se visen a si mesmos, e fosen vistos polos demais, como "españoles". É obvio que este fenómeno tería moita máis intensidade entre os habitantes da Coroa de Castela (con independencia da súa diversidade etnocultural) que nos da Coroa de Aragón, máis alleos á administración pública e ó esforzo imperial por mor das condicións da unificación feita mediante o matrimonio dos Reis Católicos. Como xa sinalou no seu día Julio Caro Baroja[4], a aparición dos primeros Estados "modernos" e as súas continuas guerras provocou a propagación de estereotipos prenacionais na Europa dos séculos XVI-XVIII. Naturalmente, cada estereotipo tiña dúas caras: a positiva na súa versión autoatribuída, e a negativa na versión elaborada e difundida polos outros. Álvarez Junco[5] resume ben a natureza nidiamente tradicionalista desta identidade prenacional española, que el chama *etnopatriótica*.

2. Por outra parte, o desenvolvemento do Estado durante o século XVIII, unido ós beneficios da recuperación demográfica e económica que chega co cambio de dinastía, contribuíron ó reforzamento do pa-

4. Caro Baroja, J. *El mito del carácter nacional. Meditaciones a contrapelo.* Seminario y Ediciones, Madrid, 1970.

5. Álvarez Junco, J. "The Nation = Building Process in Nimeteenth-Century Spain", en Mar-Molinero, C. e Smith, A. (eds.) *Nationalism and the nation in the Iberian Peninsula. Competing and conflicting identities.* Berg, Oxford, 1996, pp. 89-106.

triotismo español. E alomenos nas elites reformistas, influídas polas novas ideas que circulaban por Europa, este patriotismo muda algo os seus contidos e os seus referentes respecto dos dous séculos anteriores, de modo que agora podemos falar dun protonacionalismo español. Este fenómeno maniféstase claramente tanto nas obras de numerosos autores da Ilustración (Feijóo, Cadalso, Forner, Masdeu) como no teor de moitos documentos oficiais nos que as palabras *patria* e mesmo *nación* aparecen con crecente frecuencia referidas a España. Non obstante, a relación entre este protonacionalismo e a vella identidade prenacional española era ambivalente. Por un lado, o protonacionalismo das elites axudou a afortalar os contidos político-estatais da identidade en sectores da poboación dos que a extensión social non a podemos coñecer con precisión. Por outro, negaba os contidos máis tradicionais e arcaizantes desa mesma identidade prenacional, que empezou a escindirse internamente en dúas identidades ideolóxico-políticas, precursoras das que protagonizarían a dinámica política de España entre 1808 y 1840: a dos partidarios de manter intacta a herdanza do pasado e a dos innovadores que avogaban por unha modernización, de momento respectuosa co absolutismo político, pero crítica con todo o demais.

3. Malia todo o anterior, pervivían con forza outras identidades. Isto era inevitable por dúas causas: polo carácter acusadamente pluriétnico do territorio metropolitano da Monarquía e pola diversidade territorial das súas institucións. Nesa diversidade étnica non entraba a relixión, sempre católica, que constituía sen dúbida o factor homoxeneizador por excelencia en toda España. Pero no demais, e aínda considerando só os elementos étnicos de maior importancia futura (a lingua e os aspectos máis diferenciadores das culturas material e espiritual), o panorama era extraordinariamente complexo. Na Coroa de Castela había territorios que coincidían basicamente no étnico e no institucional (Andalucía, Castela Vella, Castela Nova, León, Asturias, Murcia, Estremadura, Canarias); outro que se diferenciaba no étnico, pero moi pouco no institucional (Galicia); e outro con especificidades étnicas e institucionais (País Vasco). Este último era tamén o caso do Reino de Navarra. En canto á Coroa de Aragón, as respectivas institucións de autogoberno corporativo dos seus catro territorios foran derogadas, como sabemos, en 1714-15 por Felipe V como castigo polo seu apoio ó pretendente Habsburgo. Deses territorios, un non presentaba diferenciación étnica básica (Aragón) e os outros tres si (Cataluña, Valencia e Baleares).

4. A todo o precedente cómpre engadirmos, á parte de diferencias étnicas de menor potencialidade identitaria, as diverxencias de estructuras socioeconómicas, moi acusadas sobre todo no relativo á propiedade da terra e ós modos de producción agrarios.

En todo caso, o rango que puidesen ter as identidades rexionais derivadas desas diferencias é asunto que está por investigar adecuadamente, e non será doado facelo. De aquí que teñamos que apoiarnos en certos indicios maiores (a presencia ou ausencia de consecuencias políticas de importancia). E estes parecen dicirnos que existían numerosas identidades étnicas en sentido estricto, cun maior ou menor grao de extensión social respecto da etnicidade castelá, que era a de referencia da identidade prenacional española. De todas esas posibles identidades étnicas, só unhas pocas parecen servir de base a outro tipo de identidades. Pero é moi significativo que nin a etnicidade, nin as peculiaridades institucionais previas, nin a suma de ambos os dous factores sexan no futuro condicións suficientes, mais si necesarias, para o desenvolvemento dun nacionalismo alternativo ó español e socialmente significativo. Como sabemos, isto só ocorrerá en Cataluña, País Vasco e Galicia antes da Guerra Civil. Nos tres casos hai unha etnicidade específica e nos dous primeiros institucións de autogoberno corporativo, das que a realidade ou a lembranza eran susceptibles de seren activadas cunha orientación nacionalista. Pero esas mesmas condicións de partida dábanse tamén total ou parcialmente en Navarra, Valencia, Baleares e, en menor medida, Aragón, sen que despois houbese nestes territorios fortes nacionalismos propios. Isto indícanos que deberemos ter en conta outros factores ademais dos sinalados.

Pero volvamos ó punto de partida. Deixando a un lado a viaxe de ida e volta de Portugal —que en todo caso tiña unha rexa identidade prenacional propia— como dominio da Coroa, hai dous casos que merecen comentario á parte: Cataluña e o País Vasco. No caso catalán, o intento independentista do século XVII mostra que a combinación de institucións de autogoberno corporativo e etnicidade, xunto cunha determinada estimación dos seus intereses por parte dos grupos dirixentes da sociedade catalana, levan a unha acción reveladora da existencia nese momento dunha identidade prenacional en Cataluña, do mesmo rango ca que se pode predicar de Portugal ou España. Non obstante, no decurso do século XVIII, e malia a perda das súas institucións propias —ou cecais en parte como consecuencia desa perda—, os indicadores desa identidade debilítanse extraordinariamente. Probablemente non é allea a este fenómeno a combinación da eliminación do autogoberno coa apertura do comercio colonial ós productos cataláns e unha certa protección estatal á súa protoindustria, que reorientaría os intereses e lealdades dos sectores dirixentes ou economicamente máis modernos da sociedade catalana.

No País Vasco, ó contrario que en Cataluña, consérvanse intactas ata o final a administración e a fiscalidade autónomas. As súas institucións político-administrativas son, ademais, o mellor instrumento de que dispo-

ñen as elites (clero e *jauntxos*) para manter a súa preeminencia política e socioeconómica. É lóxico, xa que logo, que se formulase neses séculos un discurso lexitimador da peculiaridade[6], baseado na mitificación histórica dunha raza antiga, da súa lingua e do seu carácter: os vascos, pobo xeneticamente puro e esencialmente relixioso e austero, souberon manter sempre a súa independencia, os seus costumes sinxelos e a súa organización democrático-patriarcal contra todo intento de invasión e anexión. A súa integración na Coroa de Castela fora o resultado dun pacto entre iguais cos monarcas casteláns e o autogoberno dos vascos sería parte fundamental dese pacto. Este discurso lexitimador, propagado durante séculos pola Igrexa e as elites gobernantes, probablemente era asumido pola gran maioría da poboación. Polo tanto, é lícito supoñermos a existencia dunha forte identidade rexional que, sen embargo, nunca dera lugar, á parte dalgún escrito de autores illados[7], a movementos de deslealdade cara ó Estado. De feito, na España do Antigo Réxime, a imaxe do vasco (e especialmente do biscaíño) era paradigma de honrada fidelidade e excelentes servicios á Coroa.

Convén indicar, por último, que a etnicidade específica (lingua incluída) tiña en Cataluña e no País Vasco unha consideración social moi diferente que en Galicia. Nesta última era claramente un marcador social negativo a causa da forte castelanización que experimentaran tanto o alto clero como as clases superiores galegas desde o século XVI. Por isto, en Galicia, ó contrario que nos outros dous territorios, a etnicidade terá no futuro funcións contradictorias: por un lado, será a materia prima principal na elaboración do discurso nacionalista galego; por outro, actuará de inhibidor da propagación social dese nacionalismo.

IDENTIDADES E REVOLUCIÓN LIBERAL EN ESPAÑA[8]

En todo caso, durante a Guerra "do francés" (1808-1814), logo rebautizada como da Independencia, as accións colectivas desenvólvense nun sentido indicativo de que en España, aínda que pervivían numero-

6. Juaristi, J. *El linaje de Aitor. La invención de la tradición vasca.* Ed. Taurus, Madrid, 1987.

7. Larramendi, M. de. *Corografía o Descripción General de la Muy Noble y Muy Leal Provincia de Guipúzcoa.* 1754.

8. A bibliografía específica sobre a xénese e evolución das identidades en España é moi escasa. En cambio, a relativa á cuestión nacional e ó desenvolvemento dos diferentes nacionalismos, de obrigada referencia para nós, experimentou nos últimos trinta anos un crecemento tan extraordinario en cantidade e calidade que resulta imposible citar aquí todos os títulos relevantes, polo que só mencionarei aqueles que coido imprescindibles ora para o argumento exposto, ora para indicar unha visión xeral deste ou daquel proceso. Para unha visión de abondo completa desta historiografía ata hai cinco anos, *vid.* Núñez Seixas, X. M. *Historiographical Approaches to Nationalism in Spain.* Verlag Breitenbach, Saarbrücken, 1993.

sas identidades étnicas de ámbito rexional, só tiñan relevancia política a identidade prenacional española e o protonacionalismo reformador. Este último, debido ó impacto que provoca a invasión napoleónica e a imposición dun rei estranxeiro escíndese en dúas tendencias maiores: unha continuísta, o protonacionalismo *afrancesado* e colaboracionista co invasor, que se limita a cambiar de lealdade dinástica; e outra que implica unha mutación dese protonacionalismo nun nacente nacionalismo liberal español, do que a manifestación máis clara son as Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812 que emana delas. Pasada a guerra, o primeiro desaparecerá subsumido no segundo.

Esta revolución liberal e as reaccións absolutistas que provoca ocupan por completo o escenario político durante case toda a primeira metade do século XIX. Isto tradúcese na pugna entre as identidades prenacional e nacional, as dúas españolas, e na permanencia das demais identidades no seu estadio previo. A identidade prenacional probablemente era a que tiña máis extensión social, cos seus contidos antigos (catolicismo, tradicións, sentido do honor, fidelidade monárquica); a nacional irradia a modiño desde certas elites ó compás da revolución liberal e apoiándose na difusión imperfecta (vía prensa, organizacións políticas, escola, exército) dunha mestura de contidos novos e vellos (amor ancestral á liberdade e á independencia, catolicismo, valores tradicionais non incompatibles co liberalismo, patriotismo e outros elementos menos políticos do *Volksgeist* resultante, como a bravura, a indisciplina, o individualismo, etc.). Na súa definición xoga un papel importante, como en todas partes, o labor de literatos e historiadores obrigadamente influídos polo romanticismo e polo historicismo nacionalista.

Logo de amosarse inviable a contrarrevolución absolutista a partir de 1840, a identidade prenacional desaparece como tal pero transmitindo boa parte dos seus compoñentes á nova definición nacional do "español", de xeito que a síntese final é algo internamente escindido e conflictivo, e non só no plano ideolóxico-político (algo inevitable en todas partes), senón tamén no estrictamente identitario, o cal, como sinalou acertadamente Borja de Riquer[9], manifestase —caso relativamente infrecuente— mesmo nos símbolos expresivos de calquera identidade nacional: bandeira, escudo, himno, efémerides maiores da nación. Polo tanto, cabe concluírmos que a revolución liberal española, nai do primeiro nacionalismo e da propia nación, leva desde o seu propio nacemento unha debilidade substantiva, un "defecto de fábrica", que lle impide inducir unha asunción social suficientemente extensa e xeradora dun monopolio identitario en todo o Estado. Como xa dixeron nu-

9. Riquer, Borja de. "Nacionalidades y regiones. Problemas y líneas de investigación en torno a la débil nacionalización española del siglo XIX", en Morales, A. e Esteban, M. (eds.). *La historia contemporánea en España*. Ed. Universidad, Salamanca, 1996, pp. 73-89.

merosos autores, a causa maior desa debilidade radica no subdesenvolvemento socioeconómico, que dá lugar a unha peculiar correlación de forzas políticas, non moi favorable ás máis transformadoras, o que obrigaba a un compromiso entre tradición e modernidade, que explicaría tamén o carácter predominantemente moderado do liberalismo español e o seu notable respecto por determinados valores e institucións tradicionais (relixión, monarquía, protagonismo da Igrexa na educación das elites, etc.).

E todo isto *acontece antes de que xurdan outras identidades nacionais competidoras.* Estas nacen e medran primeiro como identidades rexionais nun proceso lento e complexo do que os primeiros pasos coinciden coa consolidación do Estado liberal moderado na década de 1840-50. E fano con ritmos e características moi diferentes[10].

En realidade, ata a primeira década da Restauración a única que pervive como tal identidade rexional é a vasca, baseada, como vimos, máis na defensa das institucións forais e na mitificación da súa orixe e significado que nunha politización da etnicidade. Como xa dixen, os sectores sociais dominantes no Antigo Réxime —a baixa nobreza rural e o clero— exercían o seu dominio gracias ó control das Deputacións Forais e ás prerrogativas da Igrexa. A revolución liberal ameaza ás primeras e acaba coas segundas. Por iso se suman no século XIX á reacción absolutista do carlismo e, cando esta é vencida na primeira guerra de 1833-1840, ese carlismo oriéntase no país cara a un movemento rexionalista que coñecemos como *fuerismo,* no que non falta un compoñente secundario liberal. O *fuerismo,* coas súas diversas variantes ideolóxicas, é en realidade o único que consegue articular un complexo identitario asumido pola maioría da poboación[11].

En Cataluña[12] durante unha longa primeira fase (c. 1840-c. 1890), prodúcense varios fenómenos interrelacionados: a) o uso da lingua e da historia do país (*Renaixença*) por unha parte da *intelligentsia* crea un

10. Para o nacionalismo español do século XIX *vid.* Corcuera, J. *Orígenes, ideología y organización del nacionalismo vasco.* Ed. Siglo XXI, Madrid, 1979. Blas, A. de. *Sobre el nacionalismo español.* C.E.C., Madrid, 1989, pp. 13-36. Álvarez Junco, J. *Op. cit.* e Moreno, L. *La federalización de España. Poder político y territorio.* Ed. Siglo XXI, Madrid, 1997, pp. 44-64, así como as referencias neles contidas. Unha aproximación ó conxunto en Anguera, P. (ed.). *Orígens i formació dels nacionalismes a Espanya.* Centre de Lectura, Reus, 1994, e para as ideoloxías *vid.* Elorza, A. "Los nacionalismos en el Estado español contemporáneo: las ideologías", en *Estudios de Historia Social* 28-29, 1984, pp. 149-68.

11. Fernández Sebastián, J. La génesis del fuerismo. Ed. Siglo XXI, Madrid, 1991. Rubio, C. *Fueros y Constitución: la lucha por el control del poder. País Vasco, 1808-1868.* Universidade do País Vasco, Bilbao, 1997.

12. Hina, J. Castilla y Cataluña en el debate cultural 1714-1939. *Historia de las relaciones ideológicas catalano-castellanas.* Ed. Península, Barcelona, 1986. Marfany, J. Ll. *La cultura del catalanisme. El nacionalisme català en els seus inicis.* Ed. Empúries, Barcelona, 1995. Anguera, P. *El català al segle XIX. De llengua del poble a llengua nacional.* Ed. Empúries, Barcelona, 1997.

discurso e unha práctica rexionalistas que en todo ese período non acadan unha asunción social maioritaria, pero que preparan o terreo para que así sexa no seguinte; b) as transformacións agrarias e a industrialización xeran unha burguesía e un proletariado como clases sociais propiamente ditas, amén de propiciar un notable crecemento dos grupos sociais intermedios (autónomos, *botigers*, profesionais), o que dá lugar a unha sociedade catalana cualitativamente diferente e máis moderna cás do resto dos territorios peninsulares; c) un nivel conseguintemente máis alto dos medios de comunicación, información e socialización da política, tan importantes para a formación dun nacionalismo vigoroso (lembremos a Karl W. Deutsch), medios nos que ademais o catalanismo emerxente tiña unha presencia proporcionalmente maior á do seu peso sociopolítico real; e d) en correlación co anterior, unha vitalidade e unha dinámica sociopolíticas tamén cualitativamente superiores, pola súa intensidade e diversidade interna.

Isto implicaba unha poderosa contradicción de fondo, de momento latente, por canto o foco maior de desenvolvemento dentro do Estado español —que no seu conxunto amosaba unha dinámica de cambio moito máis demorada e desequilibrada e ademais rixidamente centralista e uniformista— non coincidía nin territorial nin identitariamente co centro do poder político (incluída a política económica). Non obstante, mentres se mantivo viva a esperanza de que era posible construír unha nación española moderna e progresiva, case todas as opcións políticas catalanas, e os seus correspondentes apoios sociais, conservaron o seu referente nacional español, tanto na dereita como na esquerda. Os tradicionalistas e as súas bases rurais foron mudando o seu absolutismo inicial por un nacionalismo español reaccionario ou mesmo se apuntaron ó liberalismo moderado; burgueses, comerciantes, artesáns e traballadores urbanos repartían as súas preferencias entre progresistas e demócrata-republicanos; e só unha pequena minoría de intelectuais e profesionais apostaba de momento por unha vía política propiamente catalanista. Con todo, a forza da conciencia étnica, incrementada pola acción dese catalanismo inicial, maniféstase nunha maior permeabilidade de todos á identidade étnica e nun notable vigor das tendencias descentralizadoras, especialmente na esquerda liberal democrática (aínda que por agora se manteñan dentro do referente nacional español).

En Galicia temos un caso moi diferente en case todos os aspectos[13]. A pervivencia dos vellos réximes de propiedade da terra, malia as desamortizacións, e unha verdadeira desindustrialización crean unha situación de bloqueo a calquera transformación profunda. En efecto, a revo-

13. Beramendi, J. G. "Breogán en Numancia. Sobre los orígenes y peculiaridades del galleguismo decimonónico", en Anguera R. (Ed.). *Orígens i formació dels nacionalismes a Espanya*. Centre de Lectura, Reus, 1994, pp. 81-120.

lución liberal respecta o antigo dereito da baixa nobreza rural a percibir as súas rendas da terra e ademais o liberalismo moderado vaina integrando en boa posición no sistema de clientelas e na Administración; a Igrexa, a gran prexudicada pola revolución, coa súa xerarquía de orixe case exclusivamente foránea, optou, agás moi escasas excepcións, entre seguir fiel ó absolutismo ou pactar cos liberais conservadores; e a burguesía, escasa, ciscada en pequenos núcleos territorial e economicamente inconexos, na súa maior parte de orixes extragalegas e nun país case totalmente agrario, adoptou a estratexia defensiva de levarse ben co poder central. Quedaban os sectores intermedios, matriz social do galeguismo mais tamén das forzas políticas democratizadoras e progresistas de referente español. Se a isto engadimos a tradicional consideración da etnicidade como marcador social negativo, entenderemos mellor o aparente paradoxo de que o país coa etnicidade diferenciada máis extensa e homoxénea de todo o Estado fose o que xerase un nacionalismo máis serodio e feble. E se ben a valoración ideolóxica da etnicidade e da historia de Galicia por un sector relativamente importante da *intelligentsia* comezan en 1840-1846, case asemade que en Cataluña, e o Rexurdimento literario e historiográfico non desaparece en ningún momento, este discurso, que ofrece unha identidade galega claramente definida, peca dunha orfandade social aguda e só consegue reforzar un pouco a conciencia étnica en pequenos sectores das clases medias e por ende en tendencias minoritarias da esquerda liberal.

A Revolución Gloriosa de 1868, que liquida o réxime conservador da monarquía de Isabel II, abre un axitado período no que se intenta democratizar o Estado (Constitución de 1869), se cambia de dinastía (Amadeo I) e mesmo se ensaia unha efémera República Federal (1873) durante a que se produce a derradeira rebelión absolutista, neste caso limitada ó País Vasco e Navarra. Pero ó cabo se salda con senllos fracasos a dereita e esquerda, que dan paso á Restauración monárquica que consolida o modelo de Estado liberal moderado e centralista (Constitución de 1876), xa establecido no período isabelino. Á dereita, porque a derrota dos carlistas implica o peche definitivo da vía armada para a defensa da tradición e dos intereses a ela asociados, o que obriga a todos os tradicionalistas a procuraren outros camiños. Isto abría a posibilidade de que algúns cambiasen de referente nacional, algo que efectivamente acontece con intensidade moi baixa en Galicia, con intensidade media en Cataluña e con intensidade máxima no País Vasco, onde a reciclaxe de parte do tradicionalismo vasco será unha das claves maiores do nacemento do correspondente nacionalismo. E á esquerda, porque o dobre fracaso da monarquía democrática de Amadeo e da I República mata en moitos a esperanza nunha nación española que fose marco e amparo das súas aspiracións democráticas no político e modernizadoras no socioeconómico. Non obstante, a experiencia re-

publicana, malia a súa fugacidade, xogará no futuro unha dobre e contradictoria función: para o nacionalismo español de dereitas será un espantallo a combatir e "proba" dos arrepiantes males a que pode conducir a descentralización do poder; para a esquerda española, así como para os rexionalismos e parte dos nacionalismos alternativos será, polo contrario, un modelo, non só de democratización máxima, senón de posible harmonización de contrarios nacionais. E isto tivo a curto e medio prazo consecuencias maiores para a cuestión que nos ocupa.

De inmediato, provocou derivas de parte do federalismo español cara ós rexionalismos catalán e galego, así como un crecente respecto para coa identidade étnica na esquerda catalana (incluso na obreira). Isto, unido ó reforzo tradicionalista, incrementou apreciablemente a presencia e os apoios sociais do rexionalismo en Cataluña durante as dúas últimas décadas do século XIX, de modo que ó remate deste período o rexionalismo catalán estaba en situación, se recibía un pulo adicional de abondo poderoso, de crear unha verdadeira identidade rexional. En Galicia, en cambio, só houbo avances discursivos e organizativos menores que non alteraron substancialmente a situación previa. Asemade, no País Vasco tivo lugar, como é ben sabido, unha rápida inflexión no ritmo e na natureza das transformacións socioeconómicas, das que os efectos nos planos político e identitario comentaremos no seu momento.

Resumindo, a revolución liberal creou en España —como en todas partes, se ben aquí con importantes limitacións— as condicións para o nacemento da identidade nacional española. Non coñecemos por pescudas directas a extensión social e a solidez desa identidade. En todo caso, os indicadores ideolóxicos e políticos dinnos que durante todo o primeiro tercio do século XIX só houbo unha pugna real neste ámbito: a que enfrontaba a identidade prenacional española en retroceso (de contidos tradicionalistas) coa identidade nacional tamén española en ascenso (de contidos predominantemente liberais). Tamén sabemos que as identidades étnicas previas non sufriron, como consecuencia deste proceso, unha erosión significativa, nin moito menos a cuasi desaparición que caracteriza o caso falsamente paradigmático de Francia. Polo contrario, a consolidación do Estado liberal-moderado en 1840-1880 tivo efectos en parte contradictorios: por un lado, a identidade nacional española seguiu a ser monopólica en todo o territorio do Estado e é moi posible, aínda que non o sabemos con certeza nin precisión, que incrementase e profundizase a súa base social, vía os mecanismos nacionalizadores de toda revolución liberal: escola (historia e valores), prensa, definición nacional dos partidos, exército. Por outro lado, as identidades étnicas non só non retrocederon significativamente senón que se afortalaron e empezaron a ser usadas intensivamente nalgúns

revivals ideolóxico-culturais. E se ben de momento a súa activación sociopolítica era só incipiente, creaban a posibilidade de desenvolvemento de identidades rexionais. Con todo, o vigor social destes fenómenos alternativos era daquela moi pequeno. De aí a posibilidade de estancamento ou de reversión. A eclosión federalista de 1869-1874 e a súa efémera capacidade para facer retroceder e para reorientar parcialmente eses movementos particularistas (agás no caso vasco) cara a un proxecto de identidade española plenamente democrática e descentralizada demostra esa posibilidade.

O rotundo fracaso de tal proxecto e o conseguinte refluxo antidemocrático e centralista coinciden significativamente, na primeira parte da Restauración (1875-1898), e antes do chamado "Desastre", co crecemento de rexionalismos que potencian politicamente as etnicidades previas. Sen embargo, a fortaleza do sistema político indica que o desenvolvemento de identidades alternativas aínda non chegara ó *point of not return.*

DO *TOURNANT* DO 98 A SEGUNDA RESTAURACIÓN[14]

Pero esta situación cambia cualitativamente a partir da última década do século XIX e ese cambio acelérase no decurso da longa crise do sistema político da Primeira Restauración, crise que comeza en 1898 e se pecha en falso co golpe de Estado de Primo de Rivera en 1923. En efecto, o verdadeiro punto de inflexión na dinámica das identidades chega co Desastre e as súas consecuencias inmediatas. A perda das últimas colonias importantes do vello imperio nunha guerra humillante pon de manifesto a impotencia do Estado no ámbito internacional, que se relaciona cunha natureza pouco democrática e ineficaz no ámbito interno, denunciada arreo desde moito antes. Como sabemos, isto provoca unha violenta sacudida da conciencia nacional española que ten consecuencias ideolóxicas e políticas moi diversas. Unida a outros fac-

14. Para a incidencia do Desastre e o rexeneracionismo sobre o nacionalismo español e a evolución deste e da cuestión nacional en España no período 1898-1936, *vid.* Blas, A. de. *Op. cit.*, 1989, e *Tradición republicana y nacionalismo español.* Tecnos, Madrid, 1991. Balfour, S. "The lion and the Pig: Nationalism and National Identity in the Fin-de-Siècle Spain", en Mar-Molinero, C. e Smith, A. (eds.) *Op. cit.*, 1996, pp. 107-18. Romero, F. J. "The Failure of the Liberal Project of the Spanish Nation State, 1909-1938", en Mar-Molinero, C. e Smith, A. (eds.). *Op. cit.*, 1996, pp. 119-31. Fox, I. *La invención de España.* Ed. Cátedra, Madrid, 1997. Moreno, L. *Op. cit.*, 1997. Para o nacionalismo vasco, *vid.* Corcuera, J. *Op. cit.*, 1979 e Granja, J. L. de la. *El Nacionalismo vasco: un siglo de historia.* Ed. Tecnos, Madrid, 1995. Para o catalán *vid.* Riquer, Borja de. *Lliga Regionalista: la burguesia catalana i el regionalisme.* Ed. 62, Barcelona, 1977. Ucelay da Cal, E. *La Catalunya populista. Duatge cultura i política en l'etapa republicana (1931-1939).* La Magrana, 1982. Hina, H. *Op. cit.*, 1986 e Balcells, A. *Història del nacionalisme català. Dels orígens al nostre temps.* Generalitat de Catalunya, Barcelona, 1992. Para o galego *vid.* Beramendi, J. G. *Op. cit.*, 1996. Sobre a cuestión nacional na II República *vid.* Beramendi, J. G. e Máiz, R. (eds.). *Los nacionalismos en la España de la Segunda República.* Ed. Siglo XXI, Madrid, 1991.

tores que iremos dicindo, contribúe á mutación dos rexionalismos principais en nacionalismos de referente non español (vasco, catalán e, con algunha demora, galego) e induce mudanzas no único nacionalismo existente con anterioridade, o español. Principia así a coexistencia conflictiva, dentro do mesmo Estado, de catro nacionalismos referidos a cadansúa nación diferente e excluínte: a española, a catalana, a vasca e a galega. Estas catro nacións, perfectamente definidas e delimitadas nos correspondentes discursos nacionalistas, non se correspondían, na realidade da súa asunción social, coas fronteiras territoriais ou étnicas, senón con partes cambiantes das poboacións que crían na existencia desta ou daquela nación e actuaban politicamente en función desa crenza. E así, a nación española abranguía non só a maioría dos habitantes da área lingüístico-étnica castelá (excluídos os campesiños aínda non nacionalizados e os militantes de movementos sociais que se consideraban anacionais), senón tamén unha importante minoría de cataláns, aproximadamente a metade dos habitantes do País Vasco e unha parte importante dos galegos. Vexamos agora brevemente os factores principais que inciden no desenvolvemento e no carácter de cada nacionalismo e, no seu caso, de cada identidade rexional/nacional.

Á parte da crise e reformulación da identidade nacional española, na que é decisivo o *rexeneracionismo*, no período 1898-1936 asistimos á conversión de dúas identidades rexionais en identidades nacionais alternativas (Cataluña, País Vasco), á consolidación dun nacionalismo (Galicia) e á proliferación de conatos rexionalistas (Andalucía, Canarias, Aragón, Valencia, etc.). O escenario, pois, cambia totalmente e, polo que nos di a historia española do resto do século XX, dun modo irreversible. Empezan procesos de *nation building* alternativos en Cataluña, moi rápido, e no País Vasco, máis lento. En Galicia, ese proceso é só incipiente aínda en 1936. A aparición deste escenario identitariamente múltiple retroalimenta un conflicto nacional moi fondo e sen aparente solución.

No País Vasco, como vimos, a segunda derrota militar do carlismo en 1876 demostrara a inviabiliade da loita armada para a defensa da tradición e, polo tanto, abrira a posibilidade de que unha parte dos seus partidarios procurasen un recambio político na afirmación dunha nación alternativa. Pero a este estímulo haberá de sumarse outro para que se produza realmente tal viraxe: a rápida industrialización que experimenta Biscaia nas décadas finais do século, baseada en sectores (siderurxia e industrias mecánicas e navais) que esixen unha gran concentración de capital e unha man de obra que en gran parte había de importarse, provoca en pouco tempo unha mutación radical desa sociedade. Á acción do Estado liberal súmase agora a máis ameazadora para a vella orde dunha economía e unhas novas clases sociais que supoñen a destrucción

por abaixo da sociedade tradicional e dos seus valores. Ademais, a gran burguesía e o proletariado resultantes encádranse, por motivos diversos, na identidade española. O perigo que todo isto implica para os sectores dirixentes de sempre, a perda recente das institucións propias nas que eses sectores baseaban o seu poder, a irrupción de ideoloxías, valores e modos de vida absolutamente contrarios ós vixentes na preexistente identidade rexional vasca, todo se suma para provocar o nacemento dun nacionalismo fortemente reactivo e oposto á modernización, que predica unha identidade nacional perfectamente acorde na primeira fase coa ideoloxía reaccionaria e o primitivismo dos seus promotores e que se propaga a bo ritmo desprazando en parte e complementando asemade as funcións do vello tradicionalismo. A reacción contra esas transformacións é patente na ideoloxía católico-integrista, racista, anti-industrial e anti-liberal centrada na obra de Sabino Arana. A súa incompatibilidade radical coa evolución do conxunto do Estado exprésase tamén en ser o único nacionalismo "periférico" que nace monoliticamente separatista. Por todo isto, a gran maioría da nova burguesía industrial financeira vasca mantense españolista e hostil a este nacionalismo, igual que a nova clase obreira, en gran parte de procedencia extravasca. Este radicalismo, se ben non lle impide crecer con relativa rapidez no medio rural e entre sectores economicamente antigos das clases medias e do artesanado urbanos, frea a súa expansión en partes moi importantes da sociedade vasca que, en realidade, fica escindida en dúas comunidades nacionais enfrontadas. Con isto, o nacionalismo vasco convértese nunha forza importante, pero non acada a hexemonía política do catalán. Con todo, acabará xerando tamén unha identidade nacional vasca.

En Cataluña, como vimos, a fase rexionalista do catalanismo preparara o camiño potenciando a lingua, a literatura, a etnicidade e a historia do país e elaborando un programa de autogoberno. Este movemento era ideoloxicamente heteroxéneo: no seu seo convivían liberais moderados cos desenganados do carlismo e do republicanismo federalista español. A súa forza sociopolítica era minoritaria. O elemento decisivo para a conversión deste rexionalismo nun nacionalismo que en poucos anos pasa a ser o movemento político hexemónico en Cataluña é o cambio de referente nacional da burguesía. A perda das colonias prívaa dunha parte considerable dos seus mercados e isto faille perder tamén a fe no Estado e no sistema político en que encarna a nación española. En consecuencia, decide orientar a defensa das súas aspiracións e intereses cara a un referente lexitimador diferente, a nación catalana, e potenciar a correspondente organización política, a Lliga. E faino con grande eficacia porque gracias ó seu apoio se configura nos primeros lustros do século XX un sistema catalán de partidos diferente ó do conxunto español. As organizacións catalanistas dominan ese sistema durante todo o

primeiro tercio do século. A consecuencia é un rápido proceso de nacionalización catalanista da sociedade, o que crea unha fonda e extendida conciencia nacional. A nación catalana deixa de ser a "comunidade imaxinada" por intelectuais e sectores minoritarios das clases medias para converterse en realidade historicamente operativa gracias a que a maioría do pobo acaba convencida de que existe. Pero en todo nacionalismo este éxito implica necesariamente perda de unidade ideolóxica. Na medida en que se nacionalizan as diferentes clases sociais, o catalanismo xa no pode reflectir só a mentalidade e as necesidades da burguesía e dos intelectuais catalanistas. O seu discurso e a súa organización, aínda conservando un único referente nacional, teñen que diversificarse. E así acontece co nacionalismo catalán que, por outra parte, xa era ideoloxicamente heteroxéneo desde o principio. A Lliga ve cómo perviven e medran outras organizacións políticas e sindicais catalanistas que representan mellor a outros sectores sociais, co que ó cabo fica reducida a voceiro do catalanismo conservador e "burgués". As arelas de gran parte da pequena burguesía, dos *pageses*, artesáns e *white collars* que asumen a nación catalana canalízanse primeiro a través de pequenos partidos de orientación democrática (aínda que non falta algún filofascista) e de asociacións culturais e sindicais que, xa no período republicano, converxen case todas para formar un amplo movemento, a Esquerra Republicana de Catalunya, que releva á Lliga no primeiro posto. En cambio, a maioría da clase obreira segue refractaria ó nacionalismo catalán, aínda que non tanto á identidade étnica catalana, e encádrase en partidos e sindicatos "internacionalistas", sexan anarquistas ou marxistas. Claramente máis federalista que separatista na práctica, predominantemente democrático e orientado á modernización non só de Cataluña senón do conxunto do Estado, este vigoroso nacionalismo crea sen dúbida unha identidade nacional catalana, capaz de resistir no futuro todos os intentos de facela desaparecer.

O caso galego é tamén diferente. Precedido como o catalán por longas fases preparatorias de recuperación da lingua, a cultura e a historia, o nacionalismo galego, maioritariamente modernizador e democrático como o catalán, tarda máis en nacer (faino en plena I Guerra Mundial) e ata 1931 segue a ser un movemento político e social moi minoritario, recluído na intelectualidade e nas clases medias. E aínda que durante a República é capaz de saír dese *ghetto* social e comeza un ascenso electoral notable e certa implantación no campesiñado e nas capas superiores dos asalariados urbanos, esta nova dinámica crébase en 1936 antes de que adquirise unha solidez suficiente para consolidarse. Este mediocre balance débese a que, se ben nesas décadas empezan a ceder os bloqueos do século XIX (especialmente no campo), nin esta modernización incipiente nin as graves crises do sistema político inducen en

ningún dos actores sociopolíticos principais da Primeira Restauración un cambio de lealdade nacional.

Pola súa parte, o nacionalismo español tamén evolúe neste período. Como todo nacionalismo de Estado, o español é de carácter difuso, isto é, constitúe un compoñente ideolóxico de *todas as* opcións políticas españolas, aínda que a súa importancia sexa diferente en cada opción. En consecuencia, a súa heteroxeneidade ideolóxica é maior cá dos nacionalismos sen Estado. Xa vimos que durante o século XIX conviviran no seu seo proxectos de nación española dispares e mesmo incompatibles entre si. A crise do 98 e o desenvolvemento dos nacionalismos periféricos provocan alteracións na súa dinámica interna, das que a manifestación principal é, como sabemos, un *rexeneracionismo* que, entre outras cousas, implica, en parte por reacción contra a emerxencia de nacionalismos alternativos, a reafirmación dun españolismo organicista, co que pretende reforzar a desmoralizada identidade nacional española. Esta aportación rexeneracionista non é totalmente orixinal; diferénciase dos seus precedentes decimonónicos nun reduccionismo analítico que centra a causa de todos os males nas eivas do sistema político e no reforzamento extremo da clave castelá do ser español. Isto último é unha reacción especular á función que xoga a negación de Castela na construcción discursiva das identidades alternativas. Por outra parte, o núcleo central do ideario rexeneracionista, co seu populismo político basal, era ideoloxicamente polivalente. E de feito, inspirou liñas políticas diversas segundo a vía modernizadora que se adoptase: desde a rexeneración democratizadora que permitía un españolismo dialogante —aínda que o diálogo fose tenso— cos outros nacionalismos e coa esquerda obreira ata o rexeneracionismo autoritario, inimigo sen fendas do movemento obreiro e totalmente intransixente con quen cuestionaban a unicidade nacional do Estado. A forza relativa desas dúas tendencias básicas do nacionalismo español cambiou varias veces durante o primeiro tercio do século XX ó compás dos altibaixos da conxuntura sociopolítica. En 1917, as tensións acumuladas abren a segunda gran crise do Estado, na que por primeira vez converxen as súas tres dimensións —a social, a política e a nacional— cunha intensidade similar. E aínda que o primeiro gran triunfo do nacionalismo español autoritario, a Dictadura do xeneral Primo de Rivera (1923-29), neutraliza de momento esa crise, non resolve nada a medio prazo. En realidade, os problemas de fondo agrávanse aínda máis baixo a aparente calma imposta polos militares. Cando o dictador se ve obrigado a dimitir en 1929, os nacionalismos alternativos rexorden máis fortes e radicalizados que antes, a esquerda obreira ten máis apoio social e o vello modelo de Estado liberal conservador xa non serve a ninguén.

Perante o desconcerto momentáneo das dereitas e a retirada do nacionalismo autoritario, chega a II República gracias á alianza do move-

mento obreiro, ó nacionalismo español democrático e ós nacionalismos catalán e galego. Con ela procurábase un sistema democrático que ademais resolvese a cuestión nacional —á parte dos contenciosos socioeconómicos— ensaiando unha terceira vía entre o vello centralismo e un precedente federal que a mayoría coidaba demasiado arriscado. Esta solución de compromiso, o "Estado integral" da Constitución de 1931, precedente directo do "Estado das Autonomías" da Constitución de 1978, malia non satisfacer a ningún nacionalismo, empezou a cambiar a dinámica de antagonismo frontal por outra de convivencia conflictiva pero posible entre o nacionalismo español (democrático) e os outros nacionalismos. Mesmo o nacionalismo vasco iniciou a revisión das súas posturas radicalmente antimodernas e separatistas para adaptarse á nova situación e, de feito, integrouse finalmente nas institucións republicanas, se ben practicando unha dobre linguaxe, é dicir, mantendo o discurso separatista pero realizando unha política autonomista[15].

Porén, esa solución parafederal tivo efectos en parte contradictorios respecto das tensións nacionais. Por un lado, contribuía a desactivar a radicalidade dos nacionalismos alternativos, pois ofrecía unha saída sistémica que atendía parte das súas reivindicacións; por outro, significaba un recoñecemento desde "lo español" da importancia e da respectabilidade das outras identidades nacionais e ademais permitía poñer en pé unhas institucións de autogoberno subestatal e unhas políticas que necesariamente habían de acelerar a socialización desas outras identidades, o que contribuía a facelas irreversibles, e ademais creaban un efecto de emulación en territorios ata entón nacionalmente españois en exclusiva. Efecto que, antes ou despois, propiciaría a emerxencia de novas identidades rexionais que fragmentarían e debilitarían aínda máis a española, ou alomenos a obrigarían a cambiar radicalmente de definición.

Estes fenómenos, perceptibles xa no experimento da II República, a pesar do seu carácter extraordinariamente conflictivo e breve, poñeranse plenamente de manifesto cando, logo do longo eclipse forzado do franquismo, cerradamente españolista, se restaure a democracia sobre un modelo de descentralización do poder moi semellante ó de 1931. Esta restauración pacífica foi posible por unha alianza de forzas tamén moi similar á que trouxo a II República, aínda que agora habería que engadir o sector reformista do franquismo. En todo caso, os nacionalismos catalán, vasco e galego rexorden con tanta ou máis forza que antes e compróbase cedo que as identidades nacionais creadas polos dous primeiros resistiron indemnes os ataques da dictadura. Pola súa parte, o nacionalismo galego, moi escorado á esquerda en comparación cos outros dous, estende considerablemente a súa influencia social en-

15. Granja, J. L. de la. *Op. cit.*, 1995.

tre funcionarios, *white collars*, labregos e, en menor medida, *blue collars*. Non acadou aínda o grao de ascendencia política e social dos seus homónimos en Cataluña e Euscadi, pero vén crecendo aceleradamente nos últimos anos, impulsado polos problemas socioeconómicos de Galicia e polo insuficiente interese que amosan os grandes partidos de referente español para resolveren eses problemas.

A España de 1978-1998 abrangue conxuntos sociais moito máis desenvolvidos e pacíficos cá de 1931-1939, e por iso hai nela, por primeira vez, una verdadeira cultura política democrática. Pero o seu carácter plurinacional é tamén máis acusado que nunca. Neste sentido, a instauración do Estado das Autonomías tivo sobre a cuestión nacional dúas consecuencias maiores e en certo modo contradictorias. Por un lado, satisfacendo en parte as demandas dos nacionalismos non españois, desactivou a súa posible radicalización (coa excepción tráxica pero illada de ETA), neutralizou, alomenos de momento, a proclividade independentista propia de todo movemento dese tipo. Pero, por outro lado, creou un marco institucional e competencial favorable á consolidación desas identidades nacionais alternativas, co que sitúa o preito nacional nunha cota máis baixa de conflictividade pero asemade contribúe a estabilizalo como tal conflicto.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

As características do longo proceso que acabamos de esbozar móstrannos algunhas cousas tanto no que atinxe á xénese e evolución de cada unha das identidades nacionais subestatais como ó proceso de conxunto.

Respecto das primeiras, vemos que a consolidación dunha identidade nacional subestatal, como consecuencia dun *nation building* con éxito, só tivo lugar —antes de 1936-39— cando unhas elites respaldadas por grupos sociais con poder asumiron o nacionalismo como vía política máis conveniente. Son os medios e as influencias destes grupos os que permiten que os caracteres e valores prenacionais sexan asumidos como constitutivos dunha identidade nacional por sectores cada vez más amplos da poboación. Unha vez que tal asunción chega a ser maioritaria, traspásase o limiar crítico, a identidade nacional está consolidada e resulta moi difícil, por non dicir imposible, invertir o proceso. A identidade nacional adquire daquela unha estabilidade e unha dinámica relativamente autónomas, e fica aínda que cambien considerablemente as condicións socioeconómicas e institucionais que contribuíron

16. Corcuera, J. "Nacionalismo y clases en la España de la Restauración", en *Estudios de Historia Social* 28-29, 1984, pp. 249-82. Elorza, A. *Op. cit.*, 1984. Riquer, Borja de. *Op. cit.*, 1992.

ó seu nacemento. Por outra parte, este mesmo éxito conleva problemas para o movemento nacionalista que o enxendrou e dirixiu, porque a extensión social dos riscos identitarios implica necesariamente unha merma de homoxeneidade ideolóxico-política nun dobre sentido: en primeiro lugar, o movemento nacionalista escíndese en diferentes opcións políticas que corresponden máis ou menos á súa nova heteroxeneidade social e ideolóxica de base; en segundo lugar, elementos desa identidade van sendo asumidos, aínda que non nos seus usos políticos nacionalistas, incluso pola poboación e os partidos que non asumen ese nacionalismo. Dito doutro modo, os progresos da identidade nacional dunha comunidade subestatal inducen dous fenómenos contrarios: a propagación dunha identidade rexional concordante entre certos sectores desa comunidade e unha reacción reafirmativa da identidade nacional-estatal, sobre todo nos primeiros momentos, entre outros sectores desa comunidade e por suposto nas poboacións externas que seguen asumindo homoxeneamente esa identidade contraria. Desde o punto de vista das identidades, a comunidade en cuestión divídese, por dicilo así, en tres partes: dúas referidas á mesma etnicidade específica pero con rangos escalonados (nacional-subestatal e rexional), e a terceira referida á identidade nacional-estatal. Esas tres partes son variables na súa magnitude mutua, e as variacións dependen de moitos factores, entre os que ten singular importancia, á parte das conxunturas socioeconómicas, a natureza e evolución do sistema político estatal.

En todo caso, isto ten consecuencias políticas xerais posto que abre o abano de solucións ó contencioso creado polo desenvolvemento desa identidade, solucións que xa non pasan necesariamente pola separación, senón que poden desembocar nunha saída autonómica ou federal que responda ó mínimo común denominador das diversas aspiracións políticas correspondentes a esas tres identidades, ou alomenos ás dúas primeiras, se a suma destas é claramente maioritaria, como adoita acontecer ó cabo de certo tempo. A evolución do caso español desde 1931 respalda estas hipóteses, tanto no que se refire á irreversibilidade, alomenos no horizonte previsible, das identidades nacionais consolidadas como ás posibilidades de convivencia, non exenta de conflicto permanente máis ou menos larvado, entre elas.

Verbo do conxunto da cuestión nacional no Estado español, réstanos propor unha vía para explicar por qué as cousas foron como foron, e non doutra maneira. Porque poderían ter sido doutro modo e abonda a contemplación do acontecido no resto dos países europeos para comprobalo: desde antes do comezo das revolucións liberais ata hoxe temos casos para todos os gustos e, sen embargo, *ningún* evolúe como o español, malia partiren algúns dunha situación moi similar de vello Estado pluriétnico (Francia, Reino Unido).

Ata hai pouco había dous modelos explicativos principais. O primeiro, de inspiración nacionalista-esencialista, é ben sinxelo: houbo e hai nacionalismos e identidades nacionais contrapostas porque desde longo tempo atrás existían nacións obxectivas que necesariamente acaban xerando eses fenómenos antes ou despois. Como sempre, este achegamento esquece aqueles casos reais que contradín de plano tal explicación (Baleares, Valencia, etc.). O segundo modelo sinalaba o atraso de España en relación cos países más avanzados de Europa como unha das causas maiores da especificidade española na cuestión nacional[16]. Na miña opinión, esta é a vía maís concorde cos feitos, se ben creo que cabe mellorala. Para intentalo usarei a análise comparada. Consideremos, para o período en cuestión, os Estados europeos e o conxunto de variables relevantes: ritmo de desenvolvemento socioeconómico; unicidade ou pluralidade étnica; antigüidade do Estado; pervivencia de institucións previas de poder subestatal; existencia ou non dun imperio moderno cos seus correspondentes efectos integradores no plano interno; grao de correspondencia entre a etnicidade dunha poboación e os polos de desenvolvemento/subdesenvolvemento; e traxectorias de éxito ou fracaso do Estado no escenario internacional. Se relacionamos a continuación a natureza concreta do conxunto destes factores en cada caso coa evolución *grosso modo* da cuestión nacional nese país, comprobaremos que, como dixen antes, o caso español amosa unha combinación única de factores na que cabe procurarmos unha primeira explicación que, alomenos, pode tomarse como hipótese de traballo convincente.

En efecto, se utilizamos como criterio de clasificación a cuestión nacional, podemos formar os seguintes grupos de casos:

A) *No punto de partida*

1. Estados pluriétnicos: Reino Unido, Francia, España, Imperio Austríaco, Imperio Ruso, Reino de Suecia, Reino de Dinamarca, Imperio Otomano, Países Baixos, Prusia.

2. Estados monoétnicos: Portugal, reinos e pequenos Estados alemáns, agás Prusia e Austria, reinos e pequenos Estados italianos.

B) *Evolución durante os séculos XIX y XX.*

Deixando á marxe grupos de menor interese para nós[17], consideremos os seguintes:

17. Serían:

a) Estados pluriétnicos nos que se xera outra identidade nacional que se separa ou que son desprovistos dunha zona etnicamente diferente por unha potencia exterior: Países Baixos (Holanda + Bélgica), Dinamarca (Schlewig-Holstein), Suecia (Noruega);

1. Estados orixinariamente pluriétnicos que manteñen a súa integridade e consolidan unha soa identidade nacional: Francia. Características: profunda revolución liberal asociada a industrialización e transformacións agrarias, a un Estado e unha administración relativamente eficaces e á construcción dun imperio moderno.

2. Estados orixinariamente pluriétnicos nos que se xeran varias identidades nacionais, pero que conservan a súa integridade territorial: España. Características: revolución liberal deficiente, Estado e administración relativamente ineficaces, transformacións agrarias moi incompletas, baixa industrialización, non correspondencia entre polos de desenvolvemento e polos de poder político, perda do imperio tradicional e ausencia de imperio moderno.

3. Estados orixinariamente pluriétnicos nos que se xera unha identidade nacional de referencia estatal, perviven bloqueadas outras identidades étnicas e unha se desenvolve como identidade nacional que consegue a separación: Reino Unido (Irlanda). Características: alto desenvolvemento socioeconómico, protoliberalismo previo, gran imperio moderno, integración de Gales e Escocia como polos de desenvolvemento secundarios e beneficiarios do imperio. Só se exclúe destes beneficios a Irlanda. É moi significativo neste caso que unha identidade prenacional tan vigorosa como a escocesa non dese paso a un nacionalismo forte e á súa correspondente identidade nacional subestatal ata despois da disolución do Imperio británico.

4. Estados orixinariamente pluriétnicos nos que se xeran varias identidades nacionais que acaban fragmentando o Estado noutros varios: Imperio Austro-Húngaro, Imperio Ruso, Imperio Otomano. Características: febleza ou ausencia tanto de revolución liberal como de industrialización e transformacións agrarias; non correspondencia entre polos de desenvolvemento económico e centros de poder político; carencia de imperios modernos.

5. Estados orixinariamente monoétnicos que se manteñen intactos: Portugal. Características: revolución liberal e transformacións socioeconómicas deficientes, perda do imperio premoderno pero construcción dun pequeno imperio moderno.

Como vemos, a casuística é case infinita. Sen embargo, os termos de comparación máis relevantes para o caso español son aqueles Estados

b) creación de Estados pluriétnicos previamente inexistentes: Bélxica, Iugoslavia, Romanía;

c) creación de Estados máis ou menos homoxéneos etnicamente, que se fan en nome dunha identidade nacional xestada por un movemento nacionalista en solitario ou en combinación coa acción expansiva de Estados previos: Alemaña, Italia, Polonia.

que no punto de partida amosan unha maior similitude no ámbito que estamos a comentar: Francia e Reino Unido. Da comparación *completa* das traxectorias históricas destes tres casos despréndense dous tipos de diferencias: o primeiro tipo refírese á cuestión que nos ocupa (xénese/destrucción de identidades, características do *nation building*, integridade territorial do Estado); o segundo tipo afecta ás restantes dimensións dos seus respectivos procesos históricos (industrialización, transformacións agrarias, urbanización, desenvolvemento das administracións públicas e dos servicios sociais, exército, sistema educativo, imperio e capacidade internacional en todos os ámbitos).

Se relacionamos ambos os dous grupos de factores, vemos que as carencias —sempre relativas— do Estado liberal e das transformacións socioeconómicas son relevantes, pero a explicación do caso español non pode gravitar en exclusiva sobre estes factores, pois aí temos os casos de Portugal e Italia. Por outra parte, tampouco non podemos esquecer que, malia o agudo e persistente conflicto nacional e identitario que vén afectando a ese conglomerado chamado España nos últimos dous séculos, o Estado español resulta un doente crónico con saúde de ferro, pois é, xunto con Portugal e Suíza, un dos poucos que se mantivo territorialmente intacto en todo ese tempo. Xa que logo, coido que cómpre procuararmos a explicación na *incidencia combinada* dun número maior de factores que, na miña opinión, son: a existencia previa dun Estado e unha identidade prenacional española moi consolidados; a febleza relativa e as peculiaridades da revolución liberal, a industrialización e as transformacións; a conseguinte fortaleza e capacidade de reacción de sectores sociais antimodernos; a pervivencia de identidades étnicas susceptibles de activación política; a non correspondencia entre centros de poder político e focos de desenvolvemento económico emerxentes, a perda do imperio vello e a incapacidade para construír un novo.

X. G. B.